

1. QUE É?

É unha ferramenta pensada para calquera persoa: familias, educadores/as, xente do común...

Consiste en:

- Un sitio web.
- Unha app para teléfonos móbiles, tanto para Android como para Apple.

2. QUE PERSEGUE?

- Presenta propostas de xogos tradicionais galegos de xeito inmediato con normas sinxelas e doadas de interpretar.
- Adapta o xogo ás necesidades contextuais do momento de consulta.
- Proporciona recursos audiovisuais para a práctica e aprendizaxe.
- Suxire novos medios de aprendizaxe a través dos procesos cognitivos.

3. QUE CARACTERÍSTICAS TEN?

- Os xogos están clasificados por "idades" (as diferentes idades da vida), por "obxectivos" (grandes categorías de xogos) e por "tipos de xogos" máis miúdos.
- As buscas poden ser xenéricas ou selectivas.
- Sirvan estes dous exemplos para entender a filosofía da ferramenta:
 - A billarda ou estornela aparece descrita propoñendo darlle a un pau aguzado (a billarda) cun pau de medio metro (o palán). É dicir, a esencia do xogo. A descrición suxire conseguir a habelencia necesaria para despois practicar o xogo con regras. Unha pequena selección das regras xa só aparece en ligazóns externas.
 - Coa zoadeira ou fungona explícase brevemente como facela, pero ofrécense dous vídeos que falan por si sós.

4. EN QUE MOMENTO ESTÁ O PROXECTO?

- A ferramenta preséntase cos primeiros 50 xogos listos para seren practicados.
- Pero existe unha proposta inicial para que dispoña de 125 tipos de xogos en breve, que poderán ser ampliados.
- Con todo, será sempre unha ferramenta aberta. Poderá incorporar novos xogos pero tamén mellorar a presentación dos xa existentes, por exemplo con vídeos explicativos.

5. QUE ENTIDADES SON AS RESPONSABLES DO PROXECTO?

- O Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego (www.xogostradicionais.gal) é o responsable da concepción inicial do proxecto e dos contidos.
- O Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/>) é a institución que asumiu o proxecto dentro das súas iniciativas de investigación e divulgación dos trazos de identidade dos galegos e das galegas como pobo. É, tamén, a responsable de toda a infraestrutura técnica necesaria para desenvolvelo.